RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL NA BASE "GENERAL MORILLO", NO CONCELLO DE VILABOA

Promotor: Ministerio de Defensa
Órgano substantivo: Concello de Vilaboa
Expediente: 2023AAE2765

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Vilaboa tivo unha primeira aprobación definitiva parcial o 25.2.2019 e unha segunda aprobación definitiva parcial o 4.10.2021, tras ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

2 O 06.02.2023 recibiuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Vilaboa para iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de infraestruturas e dotación para o proxecto de construción dun centro de educación infantil na base General Morillo" (en diante PEID). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do plan.

3 O 8.2.2023 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

2 Segundo o artigo 46.2.b da LSG, debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.

CVE: 9QasnUJH5rR1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3 Conforme o disposto no artigo 75.3 da LSG, o órgano ambiental determinará no informe ambiental estratéxico se o planeamento ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

4 A LSG establece tamén que antes de emitir o informe ambiental estratéxico deberase consultar ao órgano competente en materia de urbanismo, ás demais administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do plan

Obxecto: implantar un centro de educación infantil na base militar General Morillo, situada en terreos dos concellos limítrofes de Pontevedra e Vilaboa.

Ámbito de actuación: terreos situados no sueste da base militar, na parcela catastral 36058A017002090000LM (de 65.837 m^2), no concello de Vilaboa. O solo está clasificado no PXOM como rústico de especial protección forestal e pertence á Comunidade de montes veciñais en man común de Figueirido, con quen o Ministerio de Defensa asinou un acordo de cesión (16.7.2014) para o seu uso como base militar e campo de manobras.

Alternativas: o documento ambiental contempla tres posibles alternativas:

- A alternativa 0 sería non executar o centro infantil, o que impediría satisfacer a necesidade de prazas de escolaridade infantil na base militar e nos municipios próximos.
- A alternativa 1 é executar o centro infantil no sur da base militar, nunha zona de orografía accidentada que suporía un maior impacto paisaxístico, xeomorfolóxico e en canto ás infraestruturas necesarias a executar.
- A alternativa 2 (elixida) é executar o centro infantil no sueste da base. Segundo expón o redactor, trátase do único terreo dispoñible coas características técnicas e físicas para albergar a dotación.

Proposta: o futuro centro infantil ocupará unha franxa de terreo de 2.412 m^2 no extremo noroeste da parcela catastral, próxima ao acceso principal da base militar pero dotada de independencia do resto das instalacións. O equipamento estará conformado por un edificio de dúas plantas (B+1) en forma de U, un patio de xogos e dúas zonas de aparcamento con beirarrúas.

Para favorecer a integración paisaxística do novo equipamento proponse empregar materiais e acabados naturais da zona.

2. Características ambientais da área probablemente afectada


A base militar General Morillo emprázase nas estribacións do monte de Figueirido. Trátase dunha zona de pendentes pronunciadas ocupada por matogueira e plantacións forestais na que se asenta a base militar General Morillo e o seu campo de manobras.

CVE: 9QasnUJH5rR1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A zona na que se pretende implantar o novo equipamento educativo constitúe unha franxa de terreo próxima ao acceso principal da base e lindeira co aparcadoiro existente. Na actualidade son terreos baldíos de topografía case chá.

O ámbito está afectado pola área de respecto do petroglifo Outeiro das Laxes (GA36058001), o cal foi declarado ben de interese cultural (BIC) e está catalogado no PXOM de Vilaboa (ficha X-001).

A base militar dispón de captacións autorizadas de auga para abastecemento e conexión a rede municipal de saneamento que, segundo os servizos técnicos municipais[1], ten capacidade suficiente para dar servizo ao novo equipamento.



3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador do PEID mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

1 Oficina técnica de Medio Ambiente, Infraestrutura, Enxenería e Servizos do Concello de Pontevedra.

CVE: 9QasnUJH5rR1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O promotor deberá considerar na elaboración e tramitación do PEID todas as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

Establecerase a cualificación do ámbito do PEID como dotacional, indicando o seu carácter público ou privado e se se trata dun sistema xeral ou local. A parcela a considerar é a parcela catastral.

O PEID debe incluír unha Normativa urbanística que regule as condicións que ten que cumprir a edificación prevista, tendo en conta que as condicións de edificación en solo rústico están establecidas na LSG e RLSG (ocupación, limitación da altura máxima, etc.). Neste sentido, a superficie ocupada pola edificación en planta non excederá o 20% da superficie da parcela e debe manterse o estado natural dos terreos ou introducirse a plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie non ocupada da parcela (artigo 39.d.7 da LSG).

Instituto de Estudos do Territorio:

Conclúe que o PEID non provocará un impacto paisaxístico significativo. Porén de acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia (RLPPG), deberá realizar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado. Tamén deberá incluír medidas que melloren a integración da actuación no solo rústico (directrices de paisaxe DX.08 e DX.17).

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

Sinala que nas proximidades do PEID localízase o petróglifo Outeiro das Laxes con dúbidas da localización establecida no PXOM de Vilaboa, descoñecendo a existencia doutros xacementos dentro do espazo da base militar. Considera que a construción do centro educativo é compatible cos gravados rupestres existentes, se ben como medida preventiva solicita unha intervención previa de prospección antes de comezar as obras, por se existisen restos arqueolóxicos.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con este PEID preténdese permitir a construción dun centro de educación infantil na base militar General Morillo, en terreos do concello de Vilaboa.

A proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos que se autorizan Tampouco inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

O novo equipamento ocupará unha superficie de terreo de reducida extensión (0,24 ha) nunha área xa transformada e antropizada (base militar), polo que non se espera que o plan teña efectos significativos en canto á ocupación do recurso solo.

Tampouco se agarda unha forte incidencia na paisaxe, pois as condicións volumétricas previstas para o equipamento educativo permitirán contextualizalo con respecto ás edificacións xa existentes na base militar. Non obstante bótanse en falta medidas para a

CVE: 9QasnUJH5rR1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

execución dos peches (DX.17.b.4), as plantacións no espazo libre (DX.17.b3) e o acondicionamento dos espazos exteriores (pavimentos, aparcadoiros, sinalización, mobiliario urbano, etc.) que contribúan á integración da actuación no solo rústico.

O PEID non afectará ao petróglifo Outeiro das Laxes por estar relativamente afastado da súa área integral de protección (100 metros) e a unha cota superior. Porén, por se existisen restos arqueolóxicos na zona de actuación debería realizarse unha prospección previa como medida preventiva. A aparición de posibles restos poderá condicionar a obra e en todo caso o plan deberá ser compatible con estes.

A actividade da escola non incrementará de forma relevante as necesidades actuais da base militar en materia de abastecemento de auga e saneamento. En todo caso, segundo consta no expediente, as infraestruturas existentes son suficientes.

En conclusión, non se esperan efectos ambientais significativos co desenvolvemento do plan especial, se ben resulta preciso establecer as condicións ou determinacións que se concretan de seguido.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas previas realizadas e a análise dos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan especial de infraestruturas e dotación para o proxecto de construción dun centro de educación infantil na base General Morillo". Porén, considérase preciso establecer as seguintes **determinacións**:

- Atenderase ás observacións feitas pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Entre outras cuestións, o plan deberá incluír Normativa urbanística que regule as condicións que ten que cumprir a edificación prevista e a ordenación detallada do ámbito de actuación, que serán acordes coas condicións establecidas na LSG e no RLSG.
- Conforme co indicado polo Instituto de Estudos do Territorio:
  - O plan deberá incorporar un estudo da paisaxe (artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 8 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia), proporcionado ao alcance daquela e específico para o lugar (directriz de paisaxe DX.03).
  - O plan incluirá medidas de integración paisaxística que respondan ás determinacións das directrices de paisaxe (DX.08 (criterios para a ordenación do solo rústico) e DX.17 (construcións en solo rústico) e quedar oportunamente recollidas na normativa do plan especial. Concretamente:
    - No caso de executar algún tipo de peche nas parcelas poderá tomarse como referencia a *Guía de caracterización e integración de valados* publicada pola Xunta de Galicia. (directriz de paisaxe DX.17.b.4).
    - En caso de prever plantacións nos espazos libres, empregaranse especies autóctonas (directriz de paisaxe DX.17.b3).

CVE: 9QasnUJH5rR1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Para a definición das condicións de pavimentación exterior, aparcadoiro, sinalización, áreas de lecer e elementos de mobiliario urbano, etc., recoméndase consultar a *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos*.

– Atenderanse as medidas correctoras e preventivas establecidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe. Así, antes de comezar as obras haberá que someter o lugar a unha intervención previa de prospección arqueolóxica para recoñecer o terreo e descartar a existencia de restos na superficie asociados cun xacemento arqueolóxico novo ou cos achegados petróglifos de Outeiro das Laxes.

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

(asinado con sinatura dixital)

Considerando a proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica o "Plan especial de infraestruturas e dotación para o proxecto de construción dun centro de educación infantil na base General Morillo", no concello de Vilaboa, posto que non se prevén efectos ambientais adversos significativos. Non obstante, para garantir a integración dos aspectos ambientais no contido do plan atenderase ás determinacións que se recollen na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave). Remitirase ao promotor e ao Concello de Vilaboa xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente na marxe)

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL
Cargo: Subdirector Xeral
Data e hora: 04/04/2023 13:56:43

Asinado por: PAZ CORNES, MARIA DEL CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans
Data e hora: 04/04/2023 10:28:46

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 17/04/2023 11:56:31

CVE: 9QasnUJH5rR1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve